

Primaria

Plástica 3

Programación

Trimestre 3

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos dixitais
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Terceiro trimestre

Descrición da unidade

O desenvolvemento dos contidos neste último trimestre baséase tanto nas aprendizaxes adquiridas nos trimestres anteriores coma na adquisición progresiva das aprendizaxes que determina o currículo de terceiro de Primaria.

Ampliamos algúns contidos, como o baixorrelevo, cuxo concepto se traballa no segundo trimestre, e que, agora, os alumnos levan á práctica realizando o seu propio. A creatividade, imprescindible na Educación Plástica, adquire agora un maior protagonismo co uso da técnica da colaxe. Tamén seguimos traballando as técnicas mixtas, para o que utilizamos dous materiais diferentes: o papel pinocho e os rotuladores.

Os contidos mínimos esenciais no desenvolvemento da unidade deben centrarse en:

- A creación dunha colaxe.
- A elaboración dun cómic como recurso artístico.
- A realización de diversas obras usando as técnicas mixtas.
- A declamación correcta nunha obra dramática.
- A observación dunha obra de arte e o recoñecemento da técnica utilizada.

Temporalización

Dende abril ata xuño.

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Observar un cadro vangardista e elaborar unha composición libre baseada na estética e a harmonía.
- Anticipar o concepto de deseño manexando a colaxe con recortes de fotografías.
- Elaborar un cómic apreciando o seu valor artístico en canto á imaxe secuenciada e os elementos gráficos.
- Completar monicreques da figura humana en movemento.
- Observar a composición dun mosaico e elaborar un exemplo con pequenos cadrados a xeito de teselas.
- Practicar a técnica da *colaxe* con papeis de diferentes texturas.
- Realizar técnicas mixtas de coloreado, manexando as témperas conforme á súa complexidade.
- Construír un elemento tridimensional con formas acuñaadas.
- Participar nunha representación teatral, valorando a riqueza plástica da posta en escena, en canto ao vestiario, o decorado e a expresión corporal.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Achegamento ao estilo dadaísta. • Elaboración dunha imaxe de estilo dadaísta usando diferentes ferramentas e materiais. • Creación dunha obra plástica coa técnica da colaxe. • Interpretación da información que proporcionan as imaxes nun contexto literario como é o cómic. • Invención dun cómic a partir dos aspectos que ofrece un modelo dado. • Confección dun caderno de figuras en movemento. • Expresión oral do proceso e do resultado dunha obra plástica que representa o movemento. • Representación dunha flor con papel pinocho e rotuladores. • Realización dunha composición con papel pinocho (autobús) seguindo unhas pautas predeterminadas. • Concretar o proceso de creación individual coa realización dun bosquexo sinxelo. • Composición dunha imaxe con forma de mosaico. • Representación dramática da obra O 	1. Coñecer e identificar o estilo dadaísta.	1.1. Describe as características do estilo dadaísta. 1.2. Expressa as sensacións que provoca a obra dadaísta e a súa apreciación persoal cun criterio artístico.
	2. Utilizar as ferramentas e os materiais adecuados para a creación dunha imaxe de estilo dadaísta.	2.1. Usa as ferramentas e os materiais adecuados para a creación dunha obra de estilo dadaísta.
	3. Saber en que consiste unha colaxe.	3.1. Experimenta con diferentes materiais para a creación dunha colaxe. 3.2. Usa a técnica da colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.
	4. Elaborar un cómic propio que transmita información.	4.1. Interpreta o contido das imaxes plásticas e visuais dun cómic e tómao como modelo. 4.2. Crea un cómic distribuíndo correctamente os elementos no espazo.
	5. Completar e expresar oralmente o proceso da representación plástica dunha secuencia en movemento.	5.1. Confecciona un caderno cunha figura en movemento. 5.2. Expressa oralmente o proceso e o resultado dunha obra plástica con secuenciación de movemento.
	6. Manexar distintas técnicas e ferramentas (lapis de cores, témperas, rotuladores, papel pinocho, e colaxe) para a composición das obras.	6.1. Utiliza diferentes técnicas e ferramentas (lapis de cores, témperas, rotuladores, papel pinocho e colaxe) na composición das obras.
	7. Realizar unha obra plástica persoal de forma guiada.	7.1. Realiza un bosquexo que recolle a estrutura, a organización e as

<p><i>castelo do vampiro.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Exploración das calidades das témperas cun correcto tratamento do devandito material. • Construción dunha estrutura sinxela: o castelo de Vampi. • Achegamento á figura de Piet Mondrian e á súa obra. • Composición dun baixorrelevo de figuras xeométricas. • Exploración das calidades das témperas cun correcto tratamento do devandito material. 		dimensións proporcionadas dos elementos antes de realizar a obra plástica.
	8. Coñecer as características xeométricas e cromáticas dun mosaico e compoñelo.	<p>8.1. Interpreta o contido informativo dunha imaxe creada coa estrutura dun mosaico.</p> <p>8.2. Identifica e manexa diferentes tonalidades das cores para crear un mosaico.</p>
	9. Valorar e respectar o traballo individual e en grupo no desenvolvemento dunha representación teatral.	<p>9.1. Respecta as normas e a repartición de papeis nunha representación teatral.</p> <p>9.2. Valora o traballo individual e de grupo nunha representación teatral.</p>
	10. Modelar con plastilina un baixorrelevo dun cadro de Piet Mondrian.	10.1. Modela con plastilina un baixorrelevo dun cadro de Piet Mondrian.
	11. Combinar técnicas de recortado, pegado e picado.	11.1. Practica o recortado e o pegado para realizar obxectos tridimensionais.
	12. Saber planificar o traballo coas témperas e coñecer as precaucións que hai que observar co seu uso.	<p>12.1. Planifica as tarefas a realizar coas témperas e coñece os requisitos da súa conservación, así como da aula en que se desenvolven.</p> <p>12.2. Realiza mesturas de cores coas témperas.</p>

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Describe as características do estilo dadaísta. 1.2. Expresa as sensacións que provoca a obra dadaísta e a súa apreciación persoal cun criterio artístico.	<ul style="list-style-type: none"> • Composición baseada na liberdade proclamada polo estilo dadaísta. • Opinión persoal sobre a composición realizada: o seu valor artístico e a súa mensaxe implícita.
2.1. Usa as ferramentas e os materiais adecuados para a creación dunha obra de estilo dadaísta.	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización de materiais como elementos estruturais da obra plástica.
3.1. Experimenta con diferentes materiais para a creación dunha colaxe. 3.2. Usa a técnica da colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dunha colaxe con diferentes materiais. • Coidado e precisión no manexo dos materiais na técnica da colaxe.
4.1. Interpreta o contido das imaxes plásticas e visuais dun cómic e tómao como modelo. 4.2. Crea un cómic distribuindo correctamente os elementos no espazo.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación dos compoñentes gráficos e plásticos dun cómic e formulación e estruturación doutro diferente ao modelo. • Creación dun cómic.
5.1. Confecciona un caderno cunha figura en movemento. 5.2. Expresa oralmente o proceso e o resultado dunha obra plástica con movemento.	<ul style="list-style-type: none"> • Composición dun caderno de monicreques da figura humana en movemento secuenciado. • Comentario do proceso e o resultado da confección do caderno.
6.1. Manexa distintas técnicas e ferramentas (lapis de cores, témperas, rotuladores, papel pinocho e colaxe) para a composición das obras.	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación das técnicas e as ferramentas distinguindo as características plásticas propias de cada unha delas.
7.1. Realiza un bosquexo que recolle a estrutura, a organización e as dimensións proporcionadas dos elementos antes de realizar a obra plástica.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de bosquexos e debuxos esquemáticos previos e seguimento dos pasos indicados nas respectivas actividades.

<p>8.1. Interpreta o contido informativo dunha imaxe creada coa estrutura dun mosaico.</p> <p>8.2. Identifica e manexa diferentes tonalidades das cores para crear un mosaico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Apreciación do mosaico como estrutura compositiva. • Composición da figura e o fondo con pequenos cadrados para representar a estrutura do mosaico.
<p>9.1. Respecta as normas e a repartición de papeis nunha representación teatral.</p> <p>9.2. Valora o traballo individual e de grupo nunha representación teatral.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Participación nunha representación teatral colectiva seguindo as instrucións precisas. • Valoración do aspecto plástico da actividade teatral: decorado, vestuario, expresión oral e corporal e composición escénica.
<p>10.1. Modela con plastilina un baixorrelevo dun cadro de Piet Mondrian.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Baixorrelevo con cartón e plastilina imitando o estilo de Piet Mondrian.
<p>11.1. Practica o recortado e o pegado para realizar obxectos tridimensionais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Construción tridimensional do castelo dun suposto vampiro.
<p>12.1. Planifica as tarefas que se van realizar con témperas e coñece os requisitos da súa conservación, así como da aula en que se desenvolven.</p> <p>12.2. Realiza mesturas de cores con témperas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coloreado con témperas segundo as indicacións precisas.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésao por medio de palabras. Comenta as actividades formuladas en relación cos referentes sociais e culturais. Memoriza e declama un texto para interpretar correctamente un personaxe dunha obra teatral.
	<i>Plan lector:</i> gozar coa lectura.	Lectura comprensiva das ordes de traballo e dos textos informativos presentes nas actividades. Lectura e interpretación dunha obra teatral.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.	Realiza as actividades tendo en conta a proporción e a situación no espazo compositivo. Relaciona os coñecementos adquiridos ao realizar un cadro estilo Mondrian, un cómic e un mosaico con pequenos cadrados.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Manexa as ferramentas de debuxo e pintura e as iconas de composición nas súas creacións mediante ordenador.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos.	Adquire unha conciencia social e cívica nas actividades relacionadas coa natureza e o medio e na participación colectiva para representar unha obra teatral.
	<i>Educación en valores:</i> aprender a comportarse	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar a natureza, a ter

	desde o coñecemento dos distintos valores.	hábitos saudables, a compartir ideas creativas e a gozar con sentido do humor na representación dunha obra teatral.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como un medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar os traballos e as presentacións con sentido estético.	Coñece e valora o patrimonio cultural. Aprecia a estética das artes visuais. Valora o teatro como un xénero literario. Identifica a creación plástica como un medio de expresión e enriquecemento cultural.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Realizamos un cadro de libre creación.

- Apreciamos as características plásticas do estilo dadaísta (LA).
- Compoñemos libremente un cadro de estilo dadaísta (LA).

Tarefa 2: Practicamos a técnica da colaxe.

- Realizamos unha composición de deseño con recortes de fotografías (LA).
- Compoñemos flores con papeis recortados (LA).
- Realizamos unha colaxe sobre un medio de transporte (LA).

Tarefa 3: Utilizamos as formas xeométricas.

- Realizamos unha composición coa estrutura dun mosaico (LA).
- Utilizamos as formas xeométricas para elaborar as viñetas dun cómic (LA).

Tarefa 4: Representamos o movemento da figura humana.

- Realizamos un caderno con monicreques da figura humana en movemento secuenciado. (LA).

Tarefa 5: Realizamos actividades relacionadas co patrimonio cultural.

- Compoñemos un baixorrelevo inspirado nun cadro de Mondrian (LA).
- Observamos un cadro de Mondrián. Coñecemos o pintor e parte da súa obra (LA).

Tarefa 6: Realizamos actividades con técnica mixta.

- Coloreamos con témperas e rotulador (LA).
- Completamos as *colaxes* engadindo detalles con rotulador (LA).

Tarefa 7: Interpretamos unha obra teatral.

- Lemos e declamamos o texto (LA).
- Caracterizámonos como personaxes (LA).
- Practicamos a expresión vocal e corporal.
- Participamos na montaxe da escena.
- Apreciamos o teatro como expresión artística.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade a realizar. Posta en común sobre gustos e preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo reflexivo individual ante o desenvolvemento das actividades.

- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e proxectos: xuntar os alumnos en grupos de tres ou catro nenos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo de grupo, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou de grupo.

8. RECURSOS DIXITAIS

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.

Tamén a consulta de páxinas web da proposta didáctica, así como as actividades suxeridas de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación da unidade (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana... (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?